

Ordenanza fiscal núm. 3.A.3

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

### **Artigo 1.º.–Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola subministración de auga, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

### **Artigo 2.º.–Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa:

1. A utilización da rede de fornecemento de auga polos predios situados no termo municipal e o beneficio obtido polo mantemento do contador.

Para os efectos de aplicar a taxa distínguense tres tipos de consumo:

a) Usos domésticos: son os que atenden as necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc.

b) Usos industriais: son aqueles nos que auga se emprega como motor ou como axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en vapor, xeo, bebidas carbónicas, etc.

c) Usos para obras: son os que atenden as necesidades da construción, como elaboración de argamasas e formigóns, rego e outras.

2. O servizo de verificación e conservación de contadores.

### **Artigo 3.º.–Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sexan usuarias deste en virtude de calquera título.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados que poderán repercutir as cotas, de ser o caso, nos respectivos usuarios.

#### **Artigo 4.º.-Responsables.**

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5.º.-Base imponible.**

A base imponible da taxa por subministración de auga potable está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso.

#### **Artigo 6.º.-Cota tributaria.**

A cota de subministración de auga establécese segundo as seguintes tarifas:

##### 1. Cotas de consumo:

a) Consumo doméstico:		
- Mínimo: 15 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,414242	euros/m <sup>3</sup>
- De 15 m <sup>3</sup> /abonado mes a 35 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,482348	euros/m <sup>3</sup>
- Máis de 35 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,823005	euros/m <sup>3</sup>
b) Consumo comercial:		
- Mínimo: 15 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,414434	euros/m <sup>3</sup>
- De 15 m <sup>3</sup> /abonado mes a 35 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,483308	euros/m <sup>3</sup>
- Máis de 35 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,822084	euros/m <sup>3</sup>
c) Consumo industrial:		
- Mínimo: 20 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,495593	euros/m <sup>3</sup>
- De 20 m <sup>3</sup> /abonado mes a 40 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,566313	euros/m <sup>3</sup>
- Máis de 40 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,822282	euros/m <sup>3</sup>
d) Obras en execución		

- Mínimo: 20 m <sup>3</sup> /abonado mes:	0,565855	euros/m <sup>3</sup>
- De 20 m <sup>3</sup> /abonado mes a 40 m <sup>3</sup> /abonado mes	0,661632	euros/m <sup>3</sup>
- Máis de 40 m <sup>3</sup> /abonado mes:	1,380625	euros/m <sup>3</sup>

## 2. Taxa de enganche:

A taxa de enganche ou desprecintado do contador fíxase en	80,64	euros
---	-------	-------

## 3. Fianzas:

Antes de concederse a autorización para a concesión ou desprecintado de contadores, o solicitante depositará nas arcas municipais unha fianza que se lle devolverá ó rescindir o contrato, unha vez abonados os recibos pendentes, de acordo coa seguinte tarifa:

- Fianza por subministro a domicilios ou locais:	22,44	euros
- Fianza por subministro de auga a obras:	179,49	euros

## 4. Cota de conservación de contadores:

Cota de conservación de contadores:	0,335	euros/mes
-------------------------------------	-------	-----------

## 5. Xestión de cobro de impagados:

Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pagamento	4,18	euros/unidade.
---	------	----------------

## 6. Desprecintado do contador:

Esta cota é a que se refire ó restablecemento do servizo:	27,62	euros/unidade.
---	-------	----------------

## 7. Acometidas:

Realízase o cálculo para a acometida normal de 3,00 metros de lonxitude media (1 a 5 metros)

Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	194,47	250,4	299,92
1"	209,58	264,48	311,24
1 <sup>1/4</sup> " - 1/2"	252,14	307,59	354,37
2"	300,02	354,36	401,71

Para as acometidas de máis de 5 metros calcularase o custo de acordo ó seguinte cadro de prezos:

Acometida	3/4"	1"	1 <sup>1/4</sup> " - 1/2"	2"
(A) incremento euros por metro	9,01	10,58	15,14	25,37
(B) incremento euros por metro	19,93	21,49	26,02	36,24
(C) incremento euros por metro	23,96	24,87	29,99	40,17

Contadores:

a) Instalación de contador de 13 mm en batería de contadores ou similar: 79,66 euros/unidade:

- Contador de 13 mm
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

b) Instalación de arqueta no solo: 177,48 euros/unidade:

- Arquetina de 40 x 40
- Contador de 13 mm
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

c) Contador diámetro superior a 13 mm, cadro de tarifas sen instalación:

Diámetro: euros/unidade

Diámetro:	euros/unidade
-----------	---------------

13 mm	54,7
15 mm	62,26
20 mm	75,99
25 mm	123,75
30 mm	173,01
40 mm	268,19
50 mm	586,03
65 mm	726,49

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

#### 8. Ampliacións:

Os gastos de conexión inicial, cando sexan necesarias obras na rede xeral, serán repartidos entre os beneficiarios que o soliciten simultaneamente, sempre que o concello autorice a ampliación.

Quen na mesma zona solicite a conexión con posterioridade pagará como gastos de conexión unha cantidade, como mínimo, igual á que pagaron os primeiros solicitantes

As ampliacións efectuadas nestas condicións pasarán a ser de propiedade municipal ó executarse a obra.

#### **Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

#### **Artigo 8.º.–Devengo.**

A presente taxa devengarase desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude, ou desde que se utilice este sen ter obtido previamente a licenzia.

#### **Artigo 9.º.–Normas de xestión.**

1. Toda autorización para gozar do servizo de augas levará aparelhada a obriga de subscribir un contrato de subministro, instalar o contador -nos inmoables será particular para cada vivenda-, que

deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso que permita a clara lectura do consumo que marque.

2. A autorización será intransferible e concederáse para un domicilio ou obra determinada e, en caso de traslado, o usuario deberá facer un novo contrato e pagar a taxa de enganche ou desprecintado.

3. O abastecemento de augas potables deste concello é un servizo municipal de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e en beneficio do concello.

4. Sen embargo, os manantiais e aproveitamentos de augas potables das que veñen surtíndose os particulares, respectaranse por agora, sen prexuízo da municipalización, se se acordase.

5. A auga subministrárase mediante contador, que medirá en volumes de cantidade consumida, que será a que o abonado deberá pagar segundo as tarifas desta ordenanza, partindo dun mínimo igual para todos os usuarios.

6. As solicitudes de conexión á rede xeral de abastecemento de auga potable dirixíranse á Alcaldía e, unha vez informadas polos técnicos municipais serán autorizadas pola Alcaldía ou delegado do servizo, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e recheo de zanzas, colocación da tubería e arqueta de rexistro. Todo isto baixo a inspección do encargado do servizo.

9. Se o caudal das augas experimentase variacións por razóns climatolóxicas, avarías ou outras de forza maior, esta circunstancia non dará dereito ós usuarios ou abonados para reclamar ningunha cantidade.

10. Cando o usuario se ausente temporalmente do domicilio poderá solicitar o precintado do contador e neste caso non se lle pasará recibo pero, cando desexe facer uso da auga de novo deberá solicitar do concello o desprecintado do contador e abonar a cota estipulada.

11. O percibo desta taxa efectuarase mediante recibo. A lectura do contador, facturación e cobro efectuarase cada tres meses.

12. As cotas liquidadas e non cobradas ó seu debido tempo serán feitas efectivas polo procedemento de apremio con arreglo ás normas do réxime xeral de recadación.

### **Artigo 10.º.–Infraccións e sancións.**

1. O abonado que empregue a auga para usos distintos de aqueles para os que lle foi concedida (regadíos, etc.), a transporte a outro lugar ou a ceda a terceiras persoas pagará unha sanción equivalente ó dobre do prezo que tería que satisfacer polo consumo mensual segundo contador e perderá, automaticamente, o dereito da concesión, sen prexuízo de esixirle, ademais, as responsabilidades que procedan en dereito.

2. Por outra banda, a falta de pagamento do recibo mensual levará consigo a suspensión automática do subministro de auga, previo aviso ó usuario.

3. Igualmente, será suspendido o servizo no caso de que fose negada a entrada no domicilio ó funcionario municipal encargado das visitas de inspección

### **Disposición adicional única.**

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

*As publicacións no Boletín Oficial da Provincia, foron:*

*Texto íntegro publicado o 21/12/2007 no BOP nº 293*

*modificación publicada o 26/12/2008 no BOP nº 296*

*modificación publicada o 21/12/2009 no BOP nº 267*

*modificación publicada o 23/12/2010 no BOP nº 243, rectificación de erros publicada o 16/03/2011 no BOP nº 51*

*modificación publicada o 27/12/2011 no BOP nº 245*

*modificación publicada o 17/01/2013 no BOP nº 12*